

Rama de coñecemento	Xurídico-social
Prazas ofertadas	20
Créditos ECTS totais	60
Créditos ECTS do traballo de fin de mestrado	6
Presencialidade	Non presencial
Universidades participantes	Universidade de Vigo

Descrición

O Máster en dirección pública e liderado institucional é un mestrado en liña oficial –recoñecido polo Ministerio de Educación– e ofertado pola Área de Ciencia Política e da Administración da Universidade de Vigo dende 2011. Este mestrado proporciona competencias no ámbito da dirección e da xestión pública, cun formato completamente en liña, ben para continuar co programa de doutoramento, ben para alcanzar un nivel de especialización óptimo que permita desempeñar actividades propias de asesoría e consultaría. A docencia está impartida por profesorado de recoñecido prestixio, doutoras/es da Universitat Autònoma de Barcelona, Universidad Carlos III, Universidad Complutense, Universidade do Minho (Portugal), Universidade de São Paulo (Brasil), Universitat Pompeu Fabra, Universidad Rey Juan Carlos, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo. Unha das principais fortalezas do mestrado é a súa modalidade de ensinanza en liña, que permite a máxima flexibilidade horaria e adaptación ás circunstancias laborais do alumnado.

Perfil de ingreso recomendado

Perfil de ingreso: título universitario en Dirección e Xestión Pública (ou no seu defecto, Xestión e Administración Pública) ou ben noutras titulacións do ámbito das ciencias sociais e xurídicas (preferentemente Ciencias Políticas, Dereito, Economía e Empresa).

Máis información en: http://masterdireccionyliderazgo.com/preguntas-frecuentes_faq-2/.

Saídas profesionais

- Responsabilidades de asesoría e consultaría nas diferentes administracións públicas (Administración xeral do Estado, nas comunidades autónomas e nas entidades locais).
- Responsabilidades de liderado e de xestión no ámbito da política local, autonómica, nacional e europea, en institucións públicas ou privadas.
- Liderado de equipos e de proxectos no seo da administración institucional, nos organismos e entidades públicas, nas grandes empresas que na súa actividade se relacionan coas administracións públicas, os organismos non gobernamentais, os partidos políticos e as centrais sindicais.
- Asesoramento político e de xestión en entidades e institucións públicas e privadas.

Máis información en: <http://masterdireccionyliderazgo.com/salidas-profesionales/>.

Máis información

Coordinador	Xosé M. Mahou Lago
Páxina web do mestrado	http://masterdireccionyliderazgo.com/
Páxina web do centro	http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/pontevedra/cc_sociais_comunicacion.html
Código RUCT	4314011
Enlace ao RUCT	https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&codigoTipo=M&CodigoEstudio=4314011&actual=estudios
Teléfono	986 801 999
Enderezo postal	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación Campus de Pontevedra A Xunqueira, s/n 36005 Pontevedra